



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 5 DE NOVEMBRO DO 2015.

ASISTENTES:

<p>Presidente:</p> <p>D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)</p> <p>Membros que asisten:</p> <p>D. Manuel Emilio Pérez Outeiral D^a Elvira Pereira Ageitos D^a Aroa Fernández Cadórniga D. Víctor Reiriz Lampón D^a María Esther Patiño Rey</p>	<p>Interventor:</p> <p>D. Jorge González Mariño, Técnico de Xestión do Departamento de Intervención, Interventor acctal. (Decreto 20-05-11)</p> <p>Secretario Xeral</p> <p>D. Juan Manuel Salguero del Valle</p> <p>Membros que non asisten:</p> <p>D^a Fabiola García Martínez D^a María Herminia Pouso Maneiro</p>
---	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as trece horas e vinte e cinco minutos do día cinco de novembro do dous mil quince, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.

Foi aprobada, por unanimidade dos presentes, a acta da sesión ordinaria de data 29 de outubro de 2015.

II.- FACTURAS E PROPOSTAS DE GASTO.

A) FACTURAS.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar o listado de facturas presentado polo Departamento de Intervención na data 03/11/2015, do que resulta un total líquido acumulado de 345.321,46 €, e que será asinado polo secretario xeral para constancia do seu contido.



B) PROPOSTAS DE GASTO.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** prestar a súa aprobación aos orzamentos presentados segundo as propostas que a continuación se relacionan:

Nº Proposta	1	Data	03/11/2015
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Administración, Transparencia, Atención e Participación Cidadá Fabiola García Martínez		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 48 caixas de papel DIN-A4 (1 palet) para a casa do Concello		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	IMPRESA SANYG, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	IMPRESA SANYG, S.L.		
NIF/CIF:	B70039466		
Importe (IVE incluído):	679,54 €		
Observacións			

Nº Proposta	2	Data	28/10/2015
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Servizos Sociais Mª Esther Patiño Rey		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de diverso material de papelería (tarxetas de cita, sobres, etc...) para o Departamento de Servizos Sociais		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C.		
NIF/CIF:	J15626245		
Importe (IVE incluído):	692,32 €		
Observacións			

Nº Proposta	3	Data	28/10/2015
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Educación Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Servizo de nove afinacións e axustes de pianos (8 verticais e 1 de cola)		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	MANUEL TABOADA VARELA
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	MANUEL TABOADA VARELA		
NIF/CIF:	76808578D		
Importe (IVE incluído):	762,30 €		
Observacións			



CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Nº Proposta	4	Data	05/11/2015
SERVIZO/CONCELLERÍA	Departamento de Servizos Sociais Mª Francisca Vidal Regueira		
DESCRICIÓN DO GASTO	Dar continuidade ao Obradoiro de Estimulación Cognitiva (Obradoiro de Memoria). Curso 2015-2016. Incluído no "Progama de dinamización e promoción social para os nosos maiores"		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ADER RECURSOS HUMANOS E.T.T., S.A.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	ADER RECURSOS HUMANOS E.T.T., S.A.		
NIF/CIF:	A15469406		
Importe (IVE incluído):	1.364,20 €	<u>Importe correspondente ata a data 31/12/2015</u>	
Observacións	O <u>importe total</u> do Obradoiro de Estimulación Cognitiva (Obradoiro de Memoria) Curso 2015-2016 é de 5.305,87 € (IVE incluído) - Data de remate do curso: 15/06/2015		

Nº Proposta	5	Data	21/10/2015
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Xuventude e Deportes Aroa Fernández Cadórniga		
DESCRICIÓN DO GASTO	Instalación, testeio e configuración de cables de rede, co motivo da celebración da 5ª Edición Lan Party Uxíanet 1.5		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	PHR SOFTWARE FACTORY, S.L.
Informe:	Mario Vidal Villar – Responsable OMIX (15/10/2015)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	PHR SOFTWARE FACTORY, S.L.		
NIF/CIF:	B15830979		
Importe (IVE incluído):	242,00 €		
Observacións			

Nº Proposta	6	Data	21/10/2015
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Xuventude e Deportes Aroa Fernández Cadórniga		
DESCRICIÓN DO GASTO	Aluguer de Cisco Catalyst 6509 e servidores de rede, co motivo da celebración da 5ª Edición Lan Party Uxíanet 1.5		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	MARCOS MANUEL GARCÍA BALSA
Informe:	Mario Vidal Villar – Responsable OMIX (15/10/2015)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	MARCOS MANUEL GARCÍA BALSA		
NIF/CIF:	32835233L		
Importe (IVE incluído):	2.280,00 €		
Observacións			

Nº Proposta	7	Data	21/10/2015
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Xuventude e Deportes Aroa Fernández Cadórniga		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 100 acreditacións con correa PVC e 100 tarxetas impresas, co motivo da celebración da 5ª Edición Lan Party Uxíanet 1.5		



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Nº orzamentos aportados	1	Provedores	SERARTE BOIRO, S.L.
Informe:	Mario Vidal Villar – Responsable OMIX (15/10/2015)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	SERARTE BOIRO, S.L.		
NIF/CIF:	B70255781		
Importe (IVE incluído):	242,00 €		
Observacións			

Nº Proposta	8	Data	30/10/2015
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Educación Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Proxección da película “Maimiño” co motivo da celebración da “Semana de Tradición Oral”, incluída nas actividades de novembro e decembro de 2015 dirixidas a a escolares e poboación infantil organizadas polo Servizo de Normalización Lingüística.		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	MANAKEL ENTERTAINMENT, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	MANAKEL ENTERTAINMENT, S.L.		
NIF/CIF:	B70160072		
Importe (IVE incluído):	363,00 €		
Observacións			

Nº Proposta	9	Data	30/10/2015
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Educación Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Representación do espectáculo “Nanocontos” de Raquel Queizás do programa do Galego na Escola Infantil Municipal, incluída nas actividades de novembro e decembro de 2015 dirixidas a a escolares e poboación infantil organizadas polo Servizo de Normalización Lingüística.		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	URDIME, S.C.G.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	URDIME, S.C.G.		
NIF/CIF:	F70353982		
Importe (IVE incluído):	450,00 €		
Observacións			

Nº Proposta	10	Data	30/10/2015
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Educación Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Autorización de gastos en concepto de imprevistos co motivo da celebración das actividades de novembro e decembro de 2015 dirixidas a a escolares e poboación infantil organizadas polo Servizo de Normalización Lingüística.		
Nº orzamentos aportados		Provedores	



Informe:	
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.	
Denominación:	
NIF/CIF:	
Importe (IVE incluído):	150,00 €
Observacións/anexo ao acordo	<ul style="list-style-type: none">- Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar a celebración das actividades de novembro e decembro de 2015 dirixidas a a escolares e poboación infantil organizadas polo Servizo de Normalización Lingüística, según a proposta presentada- Simultaneamente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar a desafectación e dispoñibilidade dos gastos derivados da actividade do Servizo de Normalización Lingüística aprobados no seu día no concepto de “imprevistos” e dos que non foi preciso o seu uso, por un importe total de 451,39 € (300,00 € “Maio Cultural” e 151,39 € “Feira da Educación 2015”)

APROBACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS. (UXÍANET 1.5)

Visto o **informe/proposta de aprobación de prezo público** da Concelleira Delegada de Xuventude e Deportes, Aroa Fernández Cadórniga, de data 21/10/2015, no que solicita a aprobación de prezo público para a realización da actividade “UXÍANET 1.5” os días 13,14 e 15/11/2015.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**

1.- A aprobación do seguinte prezo público:

Participantes	Ingreso por participante Anticipado en c/c Concello
50	9,00 €

2.- Publicar un anuncio que dea conta da aprobación deste prezo público tanto no Taboleiro Oficial de Anuncios do Concello, como nas dependencias do servizo que organice a actividade.

O anuncio deberá ser exposto desde o día seguinte ao de adopción do presente acordo, e non poderá ser retirado ate que as actividades previstas teñan rematado.

SOLICITUDES BONO-BUS.

Visto o escrito presentado por **José Romero Muñiz**, de data 26/10/2015 (Rexistro de entrada nº 11.034), no que solicita o servizo de bono-bus co motivo de estar matriculado no IES San Clemente de Santiago de Compostela no curso formativo de grao superior “Desenvolvemento de aplicación multiplataforma”. Esta



formación tamén se oferta no IES Leliadoura deste concello, pero o solicitante obtivo praza para realizar estes estudos no centro indicado de Santiago.

Vista a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Educación, M^a Herminia Pouso Maneiro, de data 28/10/2015.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda autorizar** a expedición de bono-bus a **José Romero Muñiz**.

III.- CONTRATACIÓN.

1.- Clasificación das ofertas e requirimento de documentación para a adxudicación do contrato para a “SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE UN TRANSFORMADOR E INSTALACIÓN ASOCIADA PARA O NOVO MERCADO MUNICIPAL”

Visto o expediente que se tramita para contratar a **“Subministración e instalación de un transformador e instalación asociada para o novo Mercado Municipal”**, cun orzamento total por contrata de 88.603,51 euros (valor estimado do contrato: 73.226,04 euros; IVE 21%: 15.377,47 euros), e cun prazo de execución de 4 meses.

A Memoria técnica, redactada polo enxeñeiro industrial Javier Regueira Miguéns, de data setembro de 2015, foi aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión da data 24/09/2015.

O expediente de contratación, por procedemento aberto con un único criterio de adxudicación (prezo máis baixo) e con tramitación ordinaria, o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 431A.62221, aprobáronse pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada na data 24/09/2015.

A licitación anunciouse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 189, da data 02/10/2015, e no Perfil de Contratante do Concello (na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia), da mesma data 02/10/2015.

Á vista do informe emitido polo auxiliar administrativo adscrito ó Rexistro Xeral, Manuel Antonio Pino Rengel, na data 21/10/2015 e da documentación existente na Oficina de Contratación, consta que a esta contratación presentaron as súas ofertas as seguintes empresas:

1.- “Félix y Viñas, S.L.U.” Oferta que foi rexistrada de entrada na data 14/10/2015, co número 10.603.

2.- “Tecnored, S.A.” Oferta que foi rexistrada de entrada na data 15/10/2015, co número 10.661.

3.- “Roo Montajes Eléctricos, S.L.” Oferta que foi rexistrada de entrada na data 16/10/2015, co número 10.696.



4.- “Malga, S.L.” Oferta que foi rexistrada de entrada na data 16/10/2015, co número 10.703.

5.- “Imelfa e Hijos, S.L.” Oferta que foi rexistrada de entrada na data 16/10/2015, co número 10.704.

6.- “Técnica 4 Ingeniería y Montajes, S.L.U.” Oferta que foi rexistrada de entrada na data 19/10/2015 co número 10.770, presentado a través da oficina de correos na data 16/10/2015.

7.- “Hallmann Energie, S.L.” Oferta que foi rexistrada de entrada na data 19/10/2015 co número 10.771, presentado a través da oficina de correos na data 16/10/2015.

8.- “Elecnor, S.A.” Oferta que foi rexistrada de entrada na data 19/10/2015 co número 10.772, presentado a través da oficina de correos na data 16/10/2015.

A apertura dos sobres “A” (de documentación administrativa) das ofertas presentadas foi realizada pola Mesa de Contratación en reunión celebrada na data 22/10/2015, na que se acordou declarar admitidas a esta licitación ás oito empresas presentadas, por considerar que a documentación aportada por cada unha delas é correcta.

O acto público de apertura dos sobres “B”, das ofertas económicas presentadas e que resultaron admitidas para a contratación, celebrouse pola Mesa de Contratación na súa reunión de data 27/10/2015, dando o seguinte resultado:

<i>Licitador</i>	<i>Oferta económica</i>		
	<i>Valor estimado</i>	<i>IVE 21%</i>	<i>Prezo total</i>
Félix y Viñas, S.L.U.	62.066,84 €	13.034,04 €	75.100,88 €
Tecnored, S.A.	61.069,56 €	12.824,61 €	73.894,17 €
Roo Montajes Eléctricos, S.L.	64.278,79 €	13.498,55 €	77.777,34 €
Malga, S.L.	52.125,85 €	10.946,43 €	63.072,28 €
Imelfa e Hijos, S.L.	66.650,57 €	13.996,62 €	80.647,19 €
Técnica 4 Ingeniería y Montajes, S.L.U.	66.714,27 €	14.010,00 €	80.724,27 €
Hallmann Energie, S.L.	62.771,06 €	13.181,92 €	75.952,98 €
Elecnor, S.A.	63.348,41 €	13.303,17 €	76.651,58 €

Visto que, unha vez realizadas pola Mesa de Contratación as operacións correspondentes respecto das ofertas económicas dos licitadores presentados e admitidos á licitación, resulta que a oferta económica presentada pola empresa “Malga, S.L.” debe ser considerada, en principio, como anormal ou desproporcionada, a Alcaldía, por Decreto da data 27/10/2015, resolveu dar audiencia á citada empresa para que no prazo máximo de 5 días naturais xustificase a súa oferta, en base ós criterios obxectivos indicados no mencionado Decreto.

Dentro do prazo concedido a empresa “Malga, S.L.” presentou a documentación xustificativa da súa oferta que tivo entrada no rexistro xeral do



Concello na data 30/10/2015 co número 11.203.

Con data 04/11/2015 a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira emitiu informe sobre a documentación presentada pola empresa, no que conclúe manifestando que considera que *“na documentación presentada por Malga, S.L. expón adecuadamente os motivos especialmente vantaxosos que lle levou a realizar a súa oferta xa que contan con stock de materiais, relacionando ademais a maquinaria e persoal do que dispón para executar a obra, polo que se estima debidamente xustificada a oferta presentada”* e propón aceptar a xustificación da baixa presentada pola empresa *“Malga, S.L.”*.

Visto que, conforme establece a cláusula 14.5 do prego de cláusulas administrativas particulares reitor desta licitación, *“para a adxudicación deste contrato teranse en conta, unicamente, as ofertas económicas realizadas polos licitadores presentados e admitidos. En consecuencia, a adxudicación realizarase a favor da empresa que presente a oferta máis vantaxosa economicamente, consistente no prezo máis baixo”*.

Vista a cláusula 15 do prego de cláusulas administrativas particulares reitor deste contrato, e de acordo cos antecedentes expostos,

Vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación na súa reunión da data 05/11/2015.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 15/06/2011 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

PRIMEIRO.- De acordo co informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 04/11/2015 así como coa documentación presentada pola empresa como xustificación da súa oferta, considerar xustificada a oferta económica presentada por *“Malga, S.L.”*

SEGUNDO.- De conformidade co establecido no artigo 151.1 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións admitidas á contratación da Subministración e instalación de un transformador e instalación asociada para o novo Mercado Municipal**, do seguinte xeito:

Orde	Licitador	Prezo total ofertado IVE. 21% incluído
1º	Malga, S.L.	63.072,28 €
2º	Tecnored, S.A.	73.894,17 €
3º	Félix y Viñas, S.L.U.	75.100,88 €



4º	Hallmann Energie, S.L.	75.952,98 €
5º	Elecnor, S.A.	76.651,58 €
6º	Roo Montajes Eléctricos, S.L.	77.777,34 €
7º	Imelfa e Hijos, S.L.	80.647,19 €
8º	Técnica 4 Ingeniería y Montajes, S.L.U.	80.724,27 €

TERCEIRO.- De conformidade co establecido no artigo 151.2 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **requirir a “Malga, S.L.”, que é o licitador que resultou clasificado en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello a documentación, que se indica na cláusula 15.1 do prego de cláusulas administrativas particulares.**

De conformidade co disposto no artigo 146.5 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o de finalización do prazo de presentación de proposicións.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

Todo iso sen prexuízo do sinalado nos artigos 60.2.d) e 61.2.e) do TRLCSP.

2.- DEVOLUCIÓN DA FIANZA DEPOSITADA PARA RESPONDER DO CONTRATO DE “SUBMINISTRACIÓN DE MADEIRA TRATADA PARA A INSTALACIÓN DE PASARELAS NOS ACCESOS Á “PRAIA DA CATÍA” (AGUIÑO)”.

Visto o expediente de contratación tramitado por este Concello para a **“Subministración de madeira tratada para a instalación de pasarelas nos accesos á “Praia da Catía” (Aguiño)”**.

A adxudicación realizouse por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na súa sesión celebrada na data 13/02/2014, a favor da empresa “COMERCIAL MALLO AREA, S.L.” (CIF número B15243918), e o correspondente contrato asinouse na data 24/02/2014.

A Acta de recepción do material obxecto da subministración formalizouse na data 03/06/2014.

Tendo en conta que transcorreu o prazo de garantía para responder da boa execución do contrato.



Vistos os informes emitidos pola enxeñeira municipal, como responsable do contrato, Uxía Landeira Pereira, e polo interventor accidental, Jorge González Mariño, ámbolos dous da data 03/10/2015, favorables á cancelación e devolución da garantía definitiva depositada pola empresa para responder da execución do contrato.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **adopta o seguinte acordo:**

A cancelación e devolución da garantía definitiva de 2.406,39 euros constituída por “COMERCIAL MALLO AREA, S.L.” (CIF número B15243918), para responder da execución do contrato de “Subministración de madeira tratada para a instalación de pasarelas nos accesos á “Praia da Catía” (Aguiño)”.

IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

1.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 27 de outubro de 2015 **“Decreto: Requirimento para a xustificación dunha oferta económica, en principio, anormal ou desproporcionada, presentada no expediente para a adxudicación do contrato para a “Subministración e instalación dun transformador e instalación asociada para o novo Mercado Municipal””**.

2.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 27 de outubro de 2015 **“Decreto: Requirimento para a xustificación dunha oferta económica, en principio, anormal ou desproporcionada, presentada no expediente para a adxudicación do contrato para a “Subministración e instalación dun sistema de control de accesos en varias rúas peonís de Riveira (Rúa Galicia e Rúa santa Uxía)””**.

V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación



VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Visto o escrito presentado por **José Manuel Santos Nine**, de data 28/07/2015 (Rexistro de entrada nº 4.843), no que solicita que por parte dos técnicos municipais se realice visita de inspección para continuar co expediente e obter a licenza de actividade definitiva.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente, ao informe técnico favorable do Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 21/10/2015, ao informe técnico favorable do Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio L. Fernández Veiga, de data 27/10/2015, e ao informe xurídico con proposta resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 30/10/2015, estimando que o emprazamento e demais circunstancias non se opoñen á LOUGA, ás Ordenanzas municipais nin ao Código Técnico Edificación, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- CONCEDER José Manuel Santos Nine **LICENZA DE ACTIVIDADE DEFINITIVA**, para **TALLER DE LAVADO DE VEHÍCULOS** sito na Rúa Mariño de Rivera nº 12, Riveira.

Segundo.- Deberá dita actividade estar suxeita ao estricto cumprimento da normativa vixente contra a contaminación acústica.

Terceiro.- As licenzas teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas unha vez autorizadas e orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de licenzas.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo á Dirección Xeral de Comercio.

Quinto.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*



VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Visto o escrito presentado por **Noemí Romero Oujo**, de data 17/09/2015 (Registro de entrada nº 9.733), no que solicita licenza de obra para construción de vivenda unifamiliar de planta baixa, peche de finca e piscina, no lugar de Cares – A Graña, Carreira, Riveira, en parcela con refª catastral nº 15074A022002480000KB.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico do Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 09/10/2015, ao informe da Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 20/10/2015, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez De Llano Orosa, de data 20/10/2015, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Primeiro.- CONCEDER a Noemí Romero Oujo **LICENZA DE OBRAS (Nº 84/15)** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA, PECHES DE PARCELA E PISCINA** no lugar de Cares - A Graña, Carreira, Riveira, en parcela con refª catastral nº 15074A022002470000KA e 15074A022002480000KB, nos termos do Proxecto Básico de agosto de 2015 redactado por Sergio Lucio Paniccia así como Certificado de medición topográfica emitido na data 25 de agosto de 2015 por José Ramón Boo Pego:

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial correspondente.*
- *Deberá realizar a **previa cesión a dominio e uso público** da zona afectada por aliñeacións, (segundo o Arquitecto Técnico Municipal superficie de parcela de cesión na franxa sita ao longo do vial, **refléxase unha superficie de cesión en total de 255,270 m²**), e completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da Enxeñeira Municipal **unha fianza de 833,96 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza.***
- *O peche realizarase en elementos opacos de bo acabado (os bloques deben rematarse con recebado e pintado) ata unha altura máxima de 1 metro, podéndose aumentar dita altura mediante elementos diáfanos ata unha altura de 1 metro. En caso de peche de pedra natural, a parte cega pode alcanzar unha altura máxima de 1,50 m. asimismo os peches poderán realizarse con setos con especies arbustivas autóctonas de gran porte (laurel, érbedo, acebo...).*
- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra, Oficio de Execución Material, Coordinación de Seguridade e Saúde, Estudio Básico de Seguridade e Saúde**, visados polos Colexios Oficiais correspondentes.*



Segundo.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

Terceiro.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.*



- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

Cuarto.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

Quinto.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

Sexto.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

Sétimo.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

Oitavo.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*



- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

Así mesmo, segundo liquidación complementaria de obras efectuada polo Xefe da Oficina Liquidadora de data 03/11/2015, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar:

LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA DE OBRAS					
Imposto sobre construcións, instalacións e obras	1.890,34 €				
Licenzas urbanísticas	43,13 €	TOTAL Ingresar/Devolver..... 0,00 €			
DATOS DE LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA					
Cota complementaria	1.993,47 €	Cota Autoliquidada	1.993,47€	Diferenza	0,00 €

RESOLUCIÓN EN RELACIÓN AO EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA DU 12/14 INCOADO A MANUEL GERARDO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ.

EXPEDIENTE: Reposición da Legalidade Urbanística DU 12/14.

SITUACIÓN: Listres de Abaixo, Aguiño, Riveira.

PROMOTOR/A: Manuel Gerardo Rodríguez Fernández.

DENUNCIANTE: Marina Suárez Guzmán e Julio Parada Suárez.

FEITOS: Construcción de peche de finca en camiño proxectado no PXOM.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

1.- Pola Sra. Marina Suárez Guzmán en escrito rexistrado de entrada na data 28.9.11, (Registro de entrada nº 13.176), preséntase denuncia urbanística na que fai constar que:

“
(...)

Que se ha procedido en relación al levantamiento de un muro de cierre en el lugar indicado en el plano que se adjunta careciendo de la preceptiva licencia municipal.

Reseñar que en dicha zona está proyectada la realización de una carretera.

En virtud de lo expuesto, y de conformidad con lo dispuesto en el artículo 69 de la Ley 30/1992 de 26 de noviembre de Régimen Jurídico de las Administraciones



Públicas y del Procedimiento Administrativo Común.

Por lo expuesto, solicito:

Que previa apertura si fuera conveniente de un período de información con el fin de adquirir mayor conocimiento de la veracidad de los hechos aquí denunciados y de las circunstancias del caso concreto, se acuerde iniciar el procedimiento que resulte correspondiente con la formalidad de poner fin a los hechos objeto de esta denuncia.”

2.- Posteriormente por Julio Parada Suárez en escrito rexistrado de entrada na data 5.8.14, (Rexistro de entrada nº 9.544), preséntase denuncia urbanística na que fai constar que:

“

(...)

Igualmente, Don Manuel Gerardo Rodríguez Fernández, ha procedido a la realización de otro cierre sobre terreno destinado a viales en el Plan General de Ordenación Urbanística de Riveira, sin obviamente licencia urbanística.

Consta la realización de un informe urbanístico del Aparejador Municipal Don Jesús García Ramos realizado a consecuencia de escrito presentado por Doña Marina Suárez Guzmán en el que se constatan dichos hechos.

Es por ello que por la presente se reitera la petición de que se proceda a la adopción de las medidas de reposición de la legalidad procedentes.

Por lo expuesto, solicita:

Que teniendo por presentado este escrito, se admita y previos los trámites oportunos se acceda a lo solicitado.”

3.- O Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos tras xirar visita de comprobación emite informe na data 17.1.12 no que sinala que:

“

(...)

Marina Suárez Guzmán presentó en el registro general de este ayuntamiento, con fecha 28.9.12, escrito en que se denuncia que en un terreno destinado a la construcción de una carretera se procedió al levantamiento de un muro de cierre de parcela que carece de licencia municipal. No consta en este escrito la fecha de construcción de dicho cierre. Se acompaña una fotocopia del plano de PXOM con una parcela rotulada en verde atravesada por dos viales proyectados. Los viales se determinan mediante sus correspondientes alineaciones, y en adelante se denominan A y B.

En visita realizada el día martes 17 de enero de 2012 se comprueba que en la parcela que se rotuló con color verde en el plano que acompaña a la denuncia existe un muro de cierre. Dicho muro no respeta las alineaciones oficiales del PXOM, que son de obligatorio cumplimiento. El muro está compuesto por una parte de bloque cerámico revestido y rematado por una reja de alambre y otra parte en piedra natural donde se colocó un portal de acceso.



Consultados los archivos municipales se comprueba que el 13.7.06 la junta de gobierno Local otorgó una licencia municipal para la construcción de una vivienda unifamiliar en la parte de la parcela situada al oeste del vial A cuyo titular es Manuel Gerardo Rodríguez Fernández. En dicha licencia se incluye la condición de cesión a dominio y uso público de la parte de parcela afectada por alineación tal como se representa en la fotocopia del plano de la cesión que se adjunta.

Asimismo consta en expediente acuerdo de cesión firmado en este ayuntamiento en fecha 17.7.09 cuya fotocopia se adjunta al presente informe. En dicho acuerdo se cede la parte de la parcela afectada por el vial A.

En cuanto a la parte de cierre existente situado en el vial B no forma parte de la parcela objeto del proyecto para construcción de la vivienda y no se localiza ninguna licencia de cierre a nombre de Manuel Gerardo Rodríguez Fernández en los archivos municipales.”

3.- Por Decreto de Alcaldía de data 5.11.14 incoábase expediente de reposición da legalidade urbanística e ordenábase a súa instrucción de conformidade co disposto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, co obxecto de que, previa audiencia do interesado, se adopte algún dos acordos dispostos no número 3 do artigo 209 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

4.- A notificación do citado Decreto practicouse ao Sr. Manuel Gerardo Rodríguez Fernández na data 27.11.14, á Sra. Marina Suárez Guzmán na data 7.11.14 e ao Sr. Julio Parada Suárez na data 7.11.14.

